

RECOMENDACIONES ORIENTATIVAS CARA A REAPERTURA DAS AULAS CeMIT

VERSIÓN MAIO 2020

CeMIT | Centros para a Modernización
e Inclusión Tecnolóxica



1. INTRODUCCIÓN ÁS RECOMENDACIÓN PARA A REAPERTURA DAS AULAS CEMIT

A aparición e a evolución pandémica do coronavirus COVID-19 exixiu a adopción de medidas preventivas por parte das entidades locais para protexer a saúde do persoal que atende os centros CeMIT así como dos seus usuarios/as que acoden a formarse no eido dixital.

Neste momento, e co fin de iniciar a reapertura das aulas da Rede CeMIT, desde a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) en aliñamento coas indicacións da Xunta de Galicia e o goberno central, facilítase a título meramente orientativo unha serie de recomendacións para a prevención fronte ao COVID-19.

O presente documento será obxecto de actualización continua en atención ás recomendacións sanitarias.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS ORIENTATIVAS CARA A REAPERTURA DAS AULAS CEMIT

As previsións contidas nas presentes recomendacións están referidas principalmente a todo o persoal que xestiona a Rede de aulas CeMIT (axentes TIC), baixo os criterios de aplicación que as entidades locais establezan en cada caso.

3. PROPOSTA DE REINCORPORACIÓN DA ACTIVIDADE DAS AULAS CEMIT

Mediante o presente documento establécense unha serie de propostas orientativas para a reapertura das aulas da Rede CeMIT para a prestación do servizo presencial.

Este documento iniciárase cunha proposta de actuacións preliminares nas que se preparará a reapertura das aulas ao público, coa finalidade de adecuar e implementar as medidas preventivas necesarias para garantir a protección da saúde dos usuarios/as e docentes da Rede CeMIT.

En todo caso, propónse continuar impulsando a teleformación e, en canto á formación presencial, recoméndase a súa impartición unicamente cando a realización desta estea autorizada polas autoridades sanitarias e aplicando as limitacións de aforo establecidas en cada momento.

FASE		DETALLE DE RECOMENDACIÓNS	
PROPOSTA REAPETURA CEMIT	Actuacións preliminares	<ul style="list-style-type: none"> • Duración durante a última semana de maio de 2020. • Análise das medidas preventivas a levar a cabo na aula CeMIT. • Realización das actuacións necesarias para a posta en marcha das medidas: <ul style="list-style-type: none"> ○ Adecuación dos espazos da aula garantindo 2 metros de distancia entre postos e segundo o aforo permitido, ou instalando elementos de protección. ○ Desinfección da aula. ○ Identificación da relación de servizos da aula CeMIT e vías de execución (teletraballo, presencial,...) 	
	Primeira Fase de apertura das aulas CeMIT	<ul style="list-style-type: none"> • Duración estimada de 2 semanas, entre o 1 de xuño e o 14 de xuño de 2020. • Limitacións de aforo do 40% (a excepción das aulas situadas en instalacións con outras limitacións) e distancias de seguridade na aula. • Acceso presencial limitado a maiores de 12 anos, salvo excepción xustificada. • Establecemento dun horario especial de atención para as persoas maiores de 60 anos ou outros grupos vulnerables. • Non se recomenda o uso dos ordenadores e medios informáticos. Aconséllase centrar os servizos en: <ul style="list-style-type: none"> ○ Asesoramento e resolución de dúbidas. ○ Charlas expositivas por parte do axente TIC . ○ Acceso á conectividade, sempre que os usuarios/as empreguen os seus propios terminais. • Solicitud de cita previa ou matriculación nas actividades da aula. • Potenciar os servizos telemáticos nos casos que sexa posible. 	
	Segunda Fase de apertura das aulas CeMIT	<ul style="list-style-type: none"> • Duración estimada de 2 semanas, entre o 15 de xuño e o 28 de xuño de 2020. • Limitacións de aforo do 50% e distancias de seguridade na aula. • Acceso presencial para todas as idades pero con horario especial de atención por colectivos. • Actividades presenciais en grupos reducidos. • Permítese facer uso dos ordenadores e medios informáticos. • Recoméndase retomar todos os servizos da Rede CeMIT excepto a cesión da aula ás entidades colaboradoras. • Solicitud de cita previa ou matriculación nas actividades da aula, para facilitar o control do aforo da aula. • Potenciar os servizos telemáticos nos casos que sexa posible. 	

3.1. Actuacións preliminares

Proponse que as actuacións preliminares, se realicen durante a **última semana de maio** e durante este tempo recoméndase levar a cabo unha **análise das medidas contidas neste documento, así como as actuacións necesarias para a súa posta en práctica.**

As medidas preliminares propostas, constan de:

1. Adecuación de espazos na aula CeMIT e desinfección:

Cómpre comprobar que para todos os postos da aula cúmprese a distancia de seguridade de 2 metros (frontal, lateral e traseira) e, de ser o caso, adaptar o aforo ás porcentaxes e distancias establecidas polas autoridades sanitarias. E nos que non se cumbran a separación, recoméndase:

- Avaliar se, **reordenando os postos**, pódese conseguir a separación. De xeito que entre o espazo do posto do docente (axente TIC) e entre os postos dos usuarios/as da aula CeMIT se cumpra esta distancia segundo o aforo permitido. En calquera caso dita reorganización dos postos debería contar coa supervisión dos técnicos da Rede CeMIT, co fin de garantir a paridade dos equipos coas tomas de rede asignadas.
- Se a reordenación non é viable, poderanse **valorar outras alternativas** coma a dotación de elementos de protección ou mobiliario que impida o contacto coas demais persoas, tales como mamparas de separación (de metacrilato, vidro ou materias similares de fácil limpeza e desinfección) e/ou a sinalización (con pintura, cintas ou adhesivos, etc.) para a separación de postos e outras zonas con afluencia e/ou posible circulación de persoas.

2. Identificación da relación de servizos da aula CeMIT e vías de execución.

Proponse considerar establecer para cada axente TIC, unha relación de servizos da aula CeMIT e a vía para a súa execución, identificando as funcións que esixen a súa realización presencial e aquelas que se poden exercer en réxime de teletraballo.

3.2. Primeira Fase de apertura das aulas CeMIT

Unha vez rematadas as actuacións preliminares, e en canto as autoridades sanitarias autoricen a apertura dos centros de formación, **proponse o inicio desta primeira fase de apertura das aulas CeMIT** aplicando as limitacións de aforo establecidas nesta fase polas autoridades sanitarias e sempre que se asegure que os espazos da aula dispoñan das distancias de seguridade (*no momento de redacción deste texto o aforo limitaríase ao 40%, a excepción das aulas situadas en instalacións con outras limitacións, na primeira fase de apertura das aulas*).

Proponse que esta fase dure **2 semanas** (do 1 de xuño ao 14 de xuño de 2020) salvo que, en atención a criterios sanitarios, se acorde a súa modificación por indicacións das autoridades competentes.

No **referente á prestación de servizos** durante esta fase, recoméndase:

- Que **non se usen dos ordenadores e medios informáticos** da aula CeMIT destinados para o uso público dos usuarios/as da Rede.
- Desenvolver os servizos que non requiran o uso do equipamento informático por parte dos usuarios/as centrando principalmente estes servizos no **asesoramento e resolución de dúbidas, charlas expositivas por parte do axente TIC** así como o servizo de **acceso á conectividade**, sempre e cando os usuarios/as que asistan á aula, empreguen os seus propios terminais.

Durante a prestación destes servizos, aconséllase **evitar tocar os dispositivos dos usuarios/as**, intentando utilizar na medida do posible outras alternativas para compartir pantalla e gualos a distancia, por exemplo, amosando no proxector da aula a explicación, ou empregando aplicacións para compartir pantalla.

Ademais, nesta fase tamén se recomenda limitar o acceso presencial ás aulas CeMIT aos usuarios/as da Rede maiores de **12 anos** (salvo excepción xustificada), e establecer un **horario especial de atención para grupos vulnerables como son as persoas maiores de 60 anos, embarazadas...**, para garantir que non coincidan con outras persoas usuarias.

Para que os usuarios/as poidan acceder á aula, aconséllase que previamente estean **matriculados e aceptados nas actividades** por parte do axente TIC ou que conten con **cita previa aceptada polo axente TIC** para poder facer uso libre da conectividade da aula. *Esta indicación recoméndase que estea visible nun cartel informativo na entrada da aula CeMIT xunto co horario e as medidas de seguridade e hixiene na aula, así como na web, redes sociais, etc.*

Adicionalmente, para garantir o cumprimento do aforo e as distancias mínimas, recoméndase que as persoas responsables das aulas actualicen na ferramenta de xestión [XEA](#), o horario de apertura da aula CeMIT para que estea visible para a cidadanía a través da Web CeMIT, así como as actividades diarias nas que poderán participar os usuarios/as con matrícula previa.

Durante esta fase, recoméndase potenciar os servizos da Rede CeMIT pola vía telemática nos casos que sexa posible, ou unha combinación de servizos presenciais e telemáticos segundo as necesidades e demandas de cada aula.

No que se refire a aqueles postos onde non se poida garantir a distancia de seguridade, recoméndase planificar medidas especiais para evitar a concorrencia no caso de que exista máis dun axente TIC.

3.3. Segunda Fase de apertura das aulas CeMIT

Unha vez rematada a primeira fase, **recoméndase iniciar esta segunda fase de apertura das aulas CeMIT** aplicando as limitacións de aforo establecidas polas autoridades sanitarias e sempre que se asegure que os espazos da aula dispoñan das distancias de seguridade (*no momento de redacción deste texto o aforo limitaríase ao 50% na segunda fase de apertura das aulas*).

Propónse que esta fase dure **2 semanas** (do 15 de xuño ao 28 de xuño de 2020) salvo que, en atención a criterios sanitarios, se acorde a súa modificación por indicacións das autoridades competentes.

Durante esta fase, recoméndase que os usuarios/as da Rede **poidan facer uso dos ordenadores e medios informáticos** da aula CeMIT, polo que se **retomarán todos os servizo da Rede CeMIT** (cursos, charlas, asesoramento, exames, etc), **excepto a cesión da aula a entidades colaboradoras**. En todos os casos, aconséllase garantir a distancia interpersonal de dous metros e realizar das actividades en **grupos reducidos**.

Nesta fase recoméndase reabrir as aulas CeMIT a todos os usuarios/as da Rede sen limitacións de idade pero mantendo **horarios especiais de atención por colectivos**.

Para que os usuarios/as poidan acceder á aula, aconséllase igualmente que previamente estean **matriculados e aceptados nas actividades** por parte do axente TIC ou que conten con **cita previa aceptada polo axente TIC** para poder facer uso libre da conectividade da aula. *Esta indicación recoméndase que estea visible nun cartel informativo na entrada da aula CeMIT xunto co horario e as medidas de seguridade e hixiene na aula, así como na web, redes sociais, etc.*

Adicionalmente, para garantir o cumprimento do aforo e as distancias mínimas, recoméndase que as persoas responsables das aulas actualicen na ferramenta de xestión [XEA](#), o horario de apertura da aula CeMIT para que estea visible para a cidadanía a través da Web CeMIT, no caso de que houberse cambios respecto á fase anterior, así como as actividades diarias nas que poderán participar os usuarios/as con matrícula previa.

Durante esta fase, recoméndase continuar potenciando os servizos da Rede CeMIT pola vía telemática nos casos que sexa posible, ou unha combinación de servizos presenciais e telemáticos segundo as necesidades e demandas de cada aula.

No que se refire a aqueles postos onde non se poida garantir a distancia de seguridade, recoméndase planificar medidas especiais para evitar a concorrencia no caso de que exista máis dun axente TIC.

4. MEDIDAS PREVENTIVAS

4.1. Avaliación do risco de exposición

Dada a natureza das actividades dos axentes TIC nas aulas CeMIT e os mecanismos de transmisión do coronavirus SARS-CoV- 2, podemos establecer os diferentes escenarios de risco nos que se poden atopar os axentes TIC:

- **Baixa probabilidade de exposición:** axentes TIC que atenden aos usuarios a máis de dous metros de distancia, ou dispoñen de medidas de protección colectiva que evitan o contacto (anteparo de cristal, mobiliario con altura suficiente que sirva de barreira física etc.).
- **Exposición de baixo risco:** aqueles casos nos que o axente TIC atenda un usuario/a que poida ter contacto cun caso probable ou confirmado pero non tivo contacto estreito.
- **Exposición de risco:** aquelas axentes TIC que estivesen en contacto estreito cun caso probable ou confirmado de infección por SARS-CoV-2.

Considérase contacto estreito cando se estivese no mesmo lugar cunha persoa mentres presentaba síntomas e tivese algún contacto físico sen utilizar medidas de protección adecuadas ou a unha distancia menor de 2 metros durante un tempo de polo menos 15 minutos.

Polo tanto, recoméndase o uso de EPIs nos casos nos que haxa un contacto e/ou risco de exposición. En todo caso, seguindo as indicacións das autoridades competentes sobre a obrigatoriedade de uso de máscaras nos espazos pechados de uso público, recoméndase que os axentes TIC, empreguen dita medida de protección (usando calquera tipo de máscara, preferentemente hixiénica ou cirúrxica, que cubra nariz e boca) durante a súa estancia na aula sempre que non sexa posible manter unha distancia de seguridade interpersonal de dous metros.

4.2. Medidas de protección

De cara a organizar axeitadamente a prestación do servizo da Rede de aulas CeMIT e minimizar os riscos de exposición, propóñense unha serie de medidas de protección, sen

prexuízo daquelas outras que as entidades locais consideren oportunas e recoméndase realizar un seguimento para verificar que todas as medidas finalmente definidas na aula se implantaron e se están levando a cabo.

4.2.1. Medidas recomendadas para a organización do traballo

- Seguir fomentando a utilización dos medios telemáticos ou unha combinación sempre que sexa posible e en función da demanda e uso dos servizos presenciais.
- Realizar o acceso ás aulas, tanto por parte do axente TIC coma dos usuarios/as, de forma individual e graduada, evitando aglomeracións no interior da aula e no seu acceso.
- Asegurar a desinfección dos equipos dos axentes TIC así coma dos equipos empregados polos usuarios/as na aula CeMIT (ordenador, rato, mesa, ...) antes de cada uso.
- Recoméndase a clausura de ordenadores e medios informáticos destinados ao uso dos usuarios/as da aula CeMIT que, por limitación de aforo, non poidan ser empregados, así como os empregados por usuarios/as e que estean pendentes de desinfección. Cando non se poida garantir unha desinfección inmediatamente despois de cada uso recoméndase a clausura destes equipos e empregar un sistema de uso rotatorio dos ordenadores segundo as limitacións de aforo establecidas e as distancias de seguridade.
- Colocar carteis informativos nas aulas en zonas visibles e na entrada, coas indicacións de seguridade que deban aplicarse, así como o aforo permitido, o horario da aula e o sistema de solicitude de cita previa. A información deberá ser clara e expoñerse nun lugar visible.
- Priorizar o uso das aulas determinados días á semana para a atención de grupos vulnerables con maior risco como por exemplo, destinar os luns para o uso das aulas por parte das persoas maiores de 60 anos ou embarazadas, ou un horario concreto coma a primeira hora do día todos os días de apertura da aula, e desta forma poder garantir unhas maiores medidas de limpeza.

4.2.2. Medidas recomendadas para a protección colectiva nas aulas CeMIT

- Promover que tanto os axentes TIC coma os usuarios/as das aulas CeMIT teñan de forma permanente a súa disposición, auga e xabón ou dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade para a limpeza de mans, de forma que permitan, tanto aos axentes TIC coma aos usuarios/as das aulas, realizar unha adecuada hixiene das mans así como panos desbotables. Recoméndase dispoñer deste material nas zonas de acceso á aula e no posto do axente TIC.

- Establecer distancias mínimas de seguridade de polo menos dous metros, tanto nos accesos como nas aulas de xeito que se garanta unha distancia física de polo menos 2 metros (computados de persoa a persoa) e en todos os sentidos do posto (frontal, lateral e traseira). Para lograr esta distancia, poderanse realizar reubicacións de postos na aula e/ou mobiliario. Non será precisa a distancia de 2 metros nos casos en que existan elementos de protección colectiva que imposibiliten o contacto (por exemplo, mobiliario ou mamparas). Para asegurar as distancias, poderá acoutarse e sinalizar (con pintura, cintas ou adhesivos, elementos de balizamento, mobiliario, etc.) a área ou espazo concreto, separación de postos de usuario/a u outras zonas con afluencia e/ou posible circulación de persoas.
- Limitar ao máximo o emprego de documentos en papel e a súa circulación.
- Promover que os axentes TIC dispoñan dos medios e equipos de protección que se establezan como obrigatorios ou recomendados para prestar o seu traballo coas medidas de seguridade necesarias en cada momento e adecuadas ao nivel de risco, e que adicionalmente estean informados e formados sobre o correcto uso e reposición do material de protección.
- Deixar as portas e torniquetes abertos, sempre que sexa posible, para evitar a necesidade de abrílos ou pechalos.
- Intensificar as actuacións de limpeza e desinfección das zonas comúns e nas zonas ou superficies que se tocan con máis frecuencia (pasamáns, ascensores, aseos, pomos das portas,...) e, especialmente, na aula, de xeito que se garanta a limpeza e desinfección adecuada cada vez que un usuario/a faga uso do equipamento (ordenador, rato, pantalla, etc). Recoméndase utilizar desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso deses produtos respectaranse as indicacións da etiqueta.
- No caso de aseos abertos aos usuarios/as a súa ocupación máxima será dunha persoa, salvo para aquelas persoas que precisen asistencia. Deberá reforzarse a súa limpeza e desinfección garantindo sempre o estado de salubridade e hixiene hixiene, coa frecuencia indicada polas autoridades sanitarias.
- Recoméndase dispoñer de papeleiras, a ser posible con tapa e pedal, nas que poder depositar panos e calquera outro material desbotable. Ditas papeleiras, deberán ser limpadas de forma frecuente, e polo menos unha vez ao día.
- Ventilar a aula CeMIT de forma frecuente, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire, coa apertura de ventás ou portas e evitando as correntes de aire, sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias.

4.2.3. Medidas recomendadas para a protección individual dos axentes TIC das aulas CeMIT

- Empregar os medios e equipos de protección que se establezan como obrigatorios, como é o uso da máscara, ou recomendados para prestar o traballo nas aulas coas medidas de seguridade necesarias en cada momento.
- Manter unha adecuada e frecuente hixiene de mans como medida principal de prevención e control da infección. Esta hixiene farase con auga e xabón antiséptico ou solución hidroalcohólica ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.
- Extremar as medidas de hixiene respiratoria, como cubrir a boca cun pano desbotable ao tusir ou contra o brazo co cóbado flexionado. Igualmente, evitárase tocar os ollos, o nariz ou a boca.
- Gardar en todo momento a distancia de seguridade interpersonal de dous metros, tanto na prestación do traballo na aula cos usuarios/as como na entrada e saída da aula, así como nos tempos de descanso.
- Extremar a orde na aula, para facilitar a limpeza e desinfección.
- Se presenta algún síntoma compatible coa enfermidade (febre, tose, dificultade respiratoria ou dispnea), contactar co 900 400 116 para adoptar as medidas que indiquen as autoridades sanitarias, atendendo en todo caso ás medidas e protocolos ditados ao respecto pola entidade local.

4.2.4. Medidas recomendadas nos espazos e instalacións comúns

En función da localización da aula CeMIT, esta pode dispor de espazos e instalacións comúns nos que pode existir concorrencia entre dúas ou máis persoas, en tal caso, recoméndase adoptar as medidas organizativas necesarias para garantir a distancia de seguridade. Para isto propóñense as seguintes pautas:

- Na entrada e na saída ao edificio no que se atopa a aula CeMIT, deberase manter en todo momento a distancia de seguridade. Igualmente se manterá esta precaución nos tempos de descanso.
- As persoas usuarias deberán adoptar as medidas adecuadas para protexer a súa saúde de contaxios, así como cumprir as recomendacións das autoridades sanitarias en calquera das dependencias de uso público.
- Antes de empregar calquera instalación comunitaria recoméndase fortemente lavar as mans con auga e xabón ou con solución hidroalcohólica e o mesmo se realizará unha vez que conclúa o seu uso.
- Recoméndase marcar as distancias de seguridade nas zonas de acceso e agarda.
- Nas vías de circulación e nas escaleiras seguirase o mesmo sentido de circulación que os vehículos na calzada, polo que se deberá deambular polo

lado dereito de un en un, o máis próximo posible ao extremo da vía de circulación ou das escaleiras e mantendo a distancia de 2 metros, se é posible.

- O uso dos ascensores será prioritario para o persoal con discapacidade ou no que concorran outras circunstancias que recomenden a prioridade do seu uso. Igualmente, terán preferencia, despois dos anteriores, o persoal que se desprace ás plantas superiores do inmobile. En todo caso, garantirase a distancia de seguridade de 2 metros e, se non é posible, empregarase o ascensor de xeito individual.

4.3.5. Medidas recomendadas para a protección dos usuarios/as da aula CeMIT

- Para facer uso da aula, e garantir a hixiene de todo o espazo e do equipamento, recoméndase:
 - Requirir o uso dos elementos de protección que as autoridades sanitarias determinan con carácter obrigatorio por parte da poboación, (tales como máscaras ou outros que se considerasen).
 - Requirir aos usuarios/as o uso de solución hidroalcohólica ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, que se lles proporcionará na entrada da aula CeMIT.
 - Que os usuarios/as adopten as medidas adecuadas para protexer a súa saúde e evitar contaxios, así como cumprir as recomendacións das autoridades sanitarias, mantendo a correspondente distancia interpersoal.
- Durante a estancia na aula CeMIT, manterase a distancia mínima de seguridade de dous metros, tanto entre as persoas usuarias como co axente TIC da aula. Esta, distancia de seguridade tamén se manterá no acceso e saída das aulas e realizarase de xeito individual e graduada evitando aglomeracións no interior da aula ou no seu acceso.
- Coa finalidade de xestionar adecuadamente o fluxo de usuarios/as nas aulas así como garantir o aforo permitido, recoméndase que os usuarios/as empreguen o sistema de cita previa para o uso libre do equipamento e conectividade e/ou dispoñan da confirmación de praza por parte do axente TIC para participar nas actividades presencias da aula CeMIT (cursos, charlas, exames, etc).

5. COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

No caso de que no ámbito de actuación das aulas CeMIT haxa empresas externas que realicen actividades, o persoal que desenvolva o seu traballo na aula (tales como

limpeza ou a propia formación), deberá cooperar na aplicación das medidas de prevención da infección da COVID-19.

6. PUBLICIDADE

Recoméndase adoptar medidas de difusión das obrigas e recomendacións implementadas, en lugares visibles na aula co obxecto de que sexan coñecidas polos usuarios/as da aula CeMIT así como a través da páxina Web, redes sociais ou outras vías de comunicación que se teñan coa cidadanía.